

Exp. Tecol: 2024/G001/001901

## DECRETO

### **Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

O 12 de xaneiro de 2024, o Pleno da corporación tomou efectivo coñecemento da renuncia á Alcaldía de quen ata ese momento viña exercendo o cargo, procedéndose na sesión do Pleno do 18 de xaneiro de 2024 á miña elección como alcaldesa.

O 19 de xaneiro de 2024, determinouse a nova organización e adscribiuse á Area de Alcaldía e Planificación de Cidade un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo, de xeito que quedaban integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Esta Alcaldía, á vista dos cambios acaecidos e do disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da necesidade de afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- No eido que corresponde á planificación de cidade corresponderalle á Dirección Xeral de Urbanismo a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal.

SEGUNDO.- Delegar na Dirección Xeral de Urbanismo o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou

## ACTAS E GOBERNO

JDR/nmf

Refº: ispac8470511282166006267.doc

Asunto: DECRETO DELEGACIÓN ALCALDESA NO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO

esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias enunciadas no apartado anterior.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e Oficina de Arqueoloxía,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas competencias,
- o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento dos gastos que non se tramiten mediante factura e que correspondan á súa competencia.

TERCEIRO.- VIXENCIA:

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesadas/os, e as delegacións de atribucións conferidas –para a súa eficacia requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os-, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de TRES DÍAS DENDE a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.

***Asinado dixitalmente pola Excmo. Sra. alcaldesa presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.***